



Os PROGRAMAS (desenvolvidos en accións) que vén realizando o SNL son:

Meu: coñecéndonos, descubríndonos
Comparte o galego con nós
Achégate ás ciencias tamén... en galego
En galego tamén noutros mundos
Duplo R

1. **MEU: COÑECÉNDONOS, DESCUBRÍNDONOS**

O territorio de Vigo móstrase como un gran teatro que mira ao solpor, onde a ría forma un espazo ben definido. Territorio e ría ofrécenos montes de nomes de lugar a través dos cales podemos ir descubrindo e coñecendo sobre quen fomos e somos e como se foi configurando a nosa cidade.

Meu, coñecéndonos, descubríndonos é un programa ambicioso en accións e intencións que tenta achegarnos a Vigo a través do seu patrimonio e toponimia. Aprender a historia da lingua e ampliar o coñecemento do galego a través da toponimia, e asemade, sensibilizar, valorar, recuperar e transmitir o noso patrimonio e lingua.

Neste programa contamos coa colaboración da Universidade de Vigo, *Faro de Vigo*, Verbum, asociacións culturais, veciñais, do medio, Comunidades de montes, Coordinadora de Equipos de Dinamización Lingüística da Comarca de Vigo, Asociación pola Defensa da Cultura Marítima e Fluvial Tradicional, Instituto de Estudos Miñoranos, Xandobela e Desoños... amais de desenvolverse entre distintos departamentos do Concello vigués.

ACCIÓNS

Algunhas das accións deron xa comezo e realizáronse nos pasados anos:

Os Bolechas queren saber que é a toponimia
A toponimia do Val do Fragoso (Coia)
Microprogramas sobre toponimia na televisión

A. Viaxe ás covas do Folón,

As novas tecnoloxías entraron nas nosas casas con forza a finais do século XX. Hoxe en día a nosa mocidade vive a cotío coa tecnoloxía. Unha lingua sen tecnoloxía e sen falantes novos non ten futuro. Por outra banda o gran descoñecemento que a mocidade ten da historia e patrimonio da nosa cidade, levounos a unir estas ideas nun xogo didáctico en rede que conxuga dous elementos atractivos para a mocidade viguesa. Por un lado a tecnoloxía e por outro o lecer.

O xogo en rede está dirixido a dúas franxas de idade diferenciadas, isto débese ás diferenzas nas capacidades na informática e gustos no lecer. O obxectivo do xogo é claro, chegar ao final dunha viaxe pola historia de Vigo. Esta viaxe polo tempo sitúa aos rapaces e rapazas en distintos enclaves da cidade correspondentes coa etapa histórica na que se atopan (etapa castrexa no Castro, etapa pacega en Castrelos...). En cada etapa deberán pasar certas probas para conseguir chegar ao final da aventura. Os xogos e preguntas están dirixidas a coñecer a historia da cidade dende a época prehistórica até os nosos días (os distintos pobos que poboaron as terras do que hoxe é Vigo, a tipoloxía das edificacións, costumes, industria... de cada época, os vestixios que nos quedan de



cada etapa histórica, a relación da cidade co mar dende antigo...). Pero tamén se busca que coñezan a evolución da lingua galega dende a súa creación até o galego actual, a relación da lingua coa toponimia, a información que os topónimos nos achegan do lugar que nomean, a orixe dos topónimos...



Concurso para o deseño dos personaxes

Como primeiro chanzo neste xogo deseñamos un concurso para o primeiro ciclo da ESO, no que as rapazas e rapaces deseñaban os catro personaxes (2 nenos e 2 nenas) con quen elixir xogar posteriormente.

No concurso participaron máis de 300 nenos e nenas. No mes de marzo, concretamente o 11 déronse a coñecer as e os gañadores e o 26, amais de entregarse os premios, iniciamos o xogo.

Este xogo didáctico na rede estará á disposición dos mozos e mozas a partir de xaneiro de 2012, logo de facermos unha proba máis que positiva nun centro de ensino vigués.

Haberá tamén un concurso para animar a participación individual dos mozos e mozas entre os meses de xaneiro e marzo de 2012.



B. Bibliotecas Vivas

Para coñecérmonos un pouco máis un xeito que nos parece ben acaído é aprendermos de quen viviu diversas experiencias, quen as está a vivir e quen de nolas comunicar, achegar e enfeitizarnos. Eses tesouros son os libros, libros vivos, que poboan os andeis das nosas **Bibliotecas Vivas**, das que xa contamos con dúas experiencias *Os tesouros vivos* e *Lingua viva*

Os Tesouros Vivos

SNL, o Verbum da man de Xandobela levamos a experiencia (por vez primeira en Galicia) de achegar Tesouros Vivos á nosa mocidade. Foron catro días nos que 11 libros (12 persoas) compartiron con alumnado de centros de Vigo da ESO (máis de 600 rapaces e rapazas) a súa experiencia na vida e achegaron coñecementos e relatos vencellados coa historia de Vigo, as súas tradicións, oficios representativos... dun xeito eminentemente directo, vivencial e participativo Resumimos con palabras do propio alumnado esta experiencia: “dende agora vou ver doutro xeito ao meu avó”; “e todo isto pasou en Vigo”, “É pouco tempo, queremos máis”...